

Sr. Abel Caballero. Alcalde de Vigo.

Asunto: Reclamacións aprobación inicial orzamento para o ano 2023.

[REDACTED], en calidade de presidente da Asociación Veciñal de Teis, con enderezo a efectos de notificación na rúa Gerardo Campos Ramos, 2. Teis. Vigo.

Que o pasado 21 de novembro de 2022, publicouse no boletín oficial da provincia de Pontevedra nº 222, o anuncio polo que se somete a información pública aprobación inicial orzamento para o ano 2023 e polo que presentamos as seguintes reclamacións:

RECLAMACIÓN N°1

Que estudiada a documentación da aprobación inicial orzamento, observamos que non figura ningunha partida que recolla a construcción de novas beirarrúas no barrio de Teis.

Na parroquia de Teis, podemos ainda observar como hai rúas que carecen dunha simple beirarrúa, nalgúnha das marxes. Esta situación provoca perigo para a veciñanza que vive ou pasa por estas rúas, pois son rúas moi transitadas e con risco de atropelo.

Esta asociación xa ten solicitado a este goberno municipal, a necesidade de construír beirarrúas nestas rúas, pero até o de agora non foi unha prioridade.

Aquelhas rúas nas que sería máis urgente actuar son a rúa da Oliveira, rúa Gerardo Campos Ramos e rúa Rorís.

Que polo exposto anteriormente se proceda a incluír unha nova partida, “ Plan beirarrúas en Teis ” de 450.000 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 3260-2279917, “ programa educativo aulas internacionais ” ficando esta partida de 2.453.400,00 euros en 2.003.400 ,00 euros.

RECLAMACIÓN N°2

Que estudiada a documentación da aprobación inicial orzamento, observamos que non figura ningunha partida que recolla a mellora do parque da Riouxa.

É un dos grandes parques da cidade, pero necesita mellorar tanto no seu mantemento como nas dotacións, pois é un espazo descoñecido e desaproveitado pola deixades municipal.

Na década dos anos 90 realizouse a ampliación da baixada a Rotea, collendo terreos do parque, pero quedou pendente de facer unha parte do muro que rodea o parque. Este muro leva sen finalizarse uns 30 anos.

Desde fai anos vimos denunciando que os parques infantís existentes son insuficientes para atender as necesidades das familias de Teis. O parque infantil existente na Riouxa é insuficiente, hai espazo para súa ampliación e melloraría a oferta de parques infantís.

Que polo exposto anteriormente se proceda a incluir unha nova partida, “ **Mellora parque da Riouxa**“ de 400.000 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 4320-2279902, “ promoción turística destinos aéreas ” ficando esta partida de 1.200.000,00 euros en 800.000,00 euros.

RECLAMACIÓN Nº3

Que estudiada a documentación da aprobación inicial do orzamento, observamos que non figura ningunha partida para a programación do auditorio de Teis.

O barrio de Teis, conta cun excelente auditorio, pero que carece dunha programación anual para ofertar a veciñanza de Teis, máis alá da solicitude de colectivos de Teis ou da iniciativa de entidades culturais.

Consideramos que a veciñanza de Teis, ten dereito a poder contar cunha oferta cultural digna no seu barrio, ao longo do ano.

Que polo exposto anteriormente se proceda a incluir unha nova partida, “ **Programación auditorio de Teis** “ de 150.000,00 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 9120-1100000, “ retribucións persoal eventual de gabinete ” ficando esta partida de 679.063,28 euros en 529.063,28 euros.

RECLAMACIÓN Nº4

Que estudiada a documentación da aprobación inicial do orzamento, observamos que non figura ningunha partida concreta que recolla a eliminación do vertido de augas fecais na rúa Arnela.

Nun regato da rúa Arnela, especialmente visíbel entre os números 19 e 25, podemos comprobar a existencia de augas fecais, este regato desembocan no regato do Paraixal.

Unha parte da veciñanza que vive no entorno queixase desde hai anos das augas fecais, ademais da presenza de moitas ratas.

Esta Asociación presentou escritos denunciando esta situación tanto ao Concello como a Aqualia.

Ademais, este caso denunciouse por parte dalgunha veciña de xeito reiterado ao longo dos últimos dez anos ao Concello de Vigo, a Aqualia e a Augas de Galicia.

Que polo exposto anteriormente se proceda a incluir unha nova partida, “ **Mellora saneamento rúa Arnela** “ de 150.000,00 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 9120 2279906, “ producción e seguimento plan de medios ” ficando esta partida de 308.419.27,00 euros en 158.419,27,00 euros.

RECLAMACIÓN Nº5

Que estudiada a documentación do orzamento xeral, observamos que non figura ningunha partida que recolla o asfaltado de rúas e camiños en Teis.

Desde fai anos vimos denunciando o mal estado do firme de moitas rúas de Teis, que non se soluciona con tapar unhas fochancas.

Aquelhas rúas nas que sería máis urgente actuar son a rúa Gerardo Campos Ramos, avda de Guixar, rúa Julian Estevez, Baixada a Igrexa, 1º Travesía de Foxos incluíndo o estacionamento, Doutor Corbal tramo final.

Que polo exposto anteriormente se proceda a incluír unha nova partida, “**Plan asfaltados en Teis**” de 450.000,00 euros, retraendo esta cantidade da partida número: 9121-2260200, “anuncios, bandos e campañas institucionais” ficando esta partida de 1.218.199,59 euros en 768.199,59 euros.

Solicita:

Que polo exposto anteriormente se teñan en consideración estas reclamacións e se inclúan estas novas partidas na aprobación inicial do orzamento para o ano 2023.

Vigo, 13 de decembro de 2022.

